



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dereito financeiro e tributario II

|                       |   |              |            |                    |
|-----------------------|---|--------------|------------|--------------------|
| Materia               | Dereito financeiro e tributario II            |              |            |                    |
| Código                | V08G211V01702                                 |              |            |                    |
| Titulación            | Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos |              |            |                    |
| Descritores           | Creditos ECTS<br>6                            | Sinale<br>OB | Curso<br>4 | Cuadrimestre<br>1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego                            |              |            |                    |
| Departamento          | Dereito público especial                      |              |            |                    |
| Coordinador/a         | Aneiros Pereira, Jaime                        |              |            |                    |
| Profesorado           | Aneiros Pereira, Jaime                        |              |            |                    |
| Correo-e              | janeiros@uvigo.es                             |              |            |                    |
| Web                   |   |              |            |                    |
| Descrición xeral      |   |              |            |                    |

## Competencias

|        |  |
|--------|--|
| Código |  |
|--------|--|

## Resultados de aprendizaxe

|                                 |                                       |
|---------------------------------|---------------------------------------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---------------------------------|---------------------------------------|

## Contidos

|  |  |
|--|--|
| Tema   |  |
| I. INTRODUCCIÓN AO SISTEMA TRIBUTARIO.           | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Imposición Estatal: Impostos directos e indirectos.</li> <li>2. Imposición Autonómica: Impostos cedidos e propios. As taxas autonómicas.</li> <li>3. Imposición local.</li> </ol>  |
| II. O IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS. | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Natureza e ámbito de aplicación.</li> <li>2. O feito imponible.</li> <li>3. O suxeito pasivo.</li> <li>4. Determinación da renda.</li> <li>5. A base imponible xeneral e do aforro.</li> <li>6. A determinación da cota.</li> <li>7. Réximes especiais.</li> <li>8. Xestión do imposto.</li> </ol>   |
| III. O IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES.                 | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Natureza e ámbito de aplicación.</li> <li>2. O feito imponible.</li> <li>3. Os suxeitos pasivos.</li> <li>4. A base imponible e os axustes.</li> <li>5. As reducións de base imponible.</li> <li>6. Tipos de gravame e cota.</li> <li>7. Incentivos fiscais para empresas de reducida dimensión e outros réximes especiais.</li> <li>8. A xestión do imposto.</li> </ol> |

#### IV. O IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO.

1. Natureza e ámbito de aplicación.
2. Os feitos impositivos.
3. Lugar de realización do feito impositivo e de feito.
4. Os suxeitos pasivos.
5. A repercusión do imposto.
6. A dedución e a regra da prorrata.
7. Devolucións.
8. Réximes especiais.
9. A xestión do imposto.

#### Planificación

|   | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral                       | 34            | 68                 | 102          |
| Presentación                            | 1             | 0                  | 1            |
| Seminario                               | 15            | 30                 | 45           |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 1             | 0                  | 1            |
| Exame de preguntas obxectivas           | 2             | 0                  | 2            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

#### Metodoloxía docente

|                   | Descrición  |
|-------------------|---|
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.  |
| Presentación      | Asistencia participativa nas clases maxistras e nos seminarios, de forma que o alumnado non se limite a ser un mero espectador senón que responda ás preguntas formuladas polo profesorado, mostre o seu interese por aclarar conceptos e supostos de aplicación das normas tributarias á realidade máis cercana. |
| Seminario         | Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten profundar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.   |

#### Atención personalizada

| Metodoloxías      | Descrición   |
|-------------------|--|
| Lección maxistral | Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumno respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que foran propostos para adquirir as competencias perseguidas. |
| Seminario         | Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumno respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que foran propostos para adquirir as competencias perseguidas. |

#### Avaliación

|   | Descrición  | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---------------|---------------------------------------|
| Seminario                               | A asistencia participativa a clases e seminarios terá relevancia na nota final.   | 10            |                                       |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Nos Seminarios realizaranse probas de resposta curta ou test exclusivamente aos alumnos que se sometan a avaliación continua. A nota media dos distintos exames de resposta curta constituirán o 20% da nota final dos devanditos alumnos.  | 20            |                                       |
| Exame de preguntas obxectivas           | Proba final que consta de dúas partes: unha práctica escrita (na que o alumno terá que resolver un ou varios casos prácticos), e unha teórica oral (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia). Para os alumnos que se someten ao sistema de avaliación continua esta proba representará o 70% da súa nota final. Para os alumnos que NON se someten ao sistema de avaliación continua, a súa cualificación estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 30% pola cualificación obtida no exame práctico escrito, sendo este último diferente ao que realicen os alumnos de avaliación continua. | 70            |                                       |

#### Outros comentarios sobre a Avaliación

O temario que figura no apartado de contidos constitúe unha versión resumida das leccións que serán obxecto de exame. Oportunamente, ao comezo do curso académico, proporcionaráselle ao alumno un programa máis detallado cos epígrafes que conforman cada lección.

### PRIMEIRA OPORTUNIDADE DE EXAME:

1.- Os alumnos que se someten a **avaliación continua** serán avaliados conforme aos criterios que se indicaron máis arriba: proba final (70%), probas de resposta curta ou test (20%) e Outras (10%). Na proba final, o exame de teoría e oral supoñerá o 80% e o práctico, por escrito, supoñerá un 20%. En todo caso, o alumno deberá alcanzar unha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua. Para ser avaliado de forma continua é necesaria a asistencia ás clases teóricas e prácticas con regularidade (en ningún caso a inasistencia a clase poderá ser superior ao 10% das horas de docencia).

2.- Os alumnos que **NON se someten a avaliación continua**, ou que queden excluídos do devandito sistema, a súa cualificación estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 30% da cualificación obtida no exame práctico escrito, nos que se avaliarán todas as competencias.

### SEGUNDA OPORTUNIDADE DE EXAME:

1.- No exame de xullo realizarase unha proba final, que constará de dúas partes: unha práctica escrita (na que se resolverán un ou varios casos prácticos) e unha teórica oral (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia).

2.- Os alumnos que se someteron ao sistema de avaliación continua conservarán a nota que obtivesen no curso.

3.- Para os alumnos que non se someten a avaliación continua, ou que queden excluídos do devandito sistema, a súa cualificación estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 30% da cualificación obtida no exame práctico escrito, sendo este último diferente ao que realicen os alumnos de avaliación continua.

4.- Aos alumnos que se someteron ao sistema de avaliación continua e non superasen a proba final, nin na primeira nin na segunda oportunidade de exame, a nota obtida a través de devandito sistema poderáselles conservar no curso académico seguinte.

**CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA** O exame da convocatoria de Fin de carreira será unha proba teórico-práctica escrita, cuxa cualificación será o 100% da nota. A cualificación estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico e o 30% da cualificación obtida no exame práctico. Non se terá en conta en ningún caso a avaliación continua do ano anterior.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

MALVÁREZ PASCUAL, L; MARTÍNEZ GÁLVEZ, P; RAMÍREZ GÓMEZ, S; SANCHEZ PINO, A.J., **Régimen Fiscal de la Empresa**, Última ed., Tecnos,

MERINO JARA, I. (Dir.), **Derecho tributario. Parte especial. Lecciones adaptadas al EEES**, Última ed., Tecnos,

PÉREZ ROYO, F. (Dir.), **Curso de Derecho Tributario: Parte Especial**, 12ª ed., Tecnos, 2018

**Legislación Básica del Sistema Tributario Español**, Última edición, Tecnos, 2018

**Código tributario**, Última edición, Thomson-Reuters Aranzadi, 2018

#### Bibliografía Complementaria

CAYÓN GALIARDO, A., TEJERIZO LÓPEZ, J. M., MARTIN QUERALT, J., **Manual de Derecho tributario. Parte especial**, Última ed., Aranzadi,

CAZORLA PRIETO, L. M., CHICO DE LA CÁMARA, P. (Dir.), **Introducción al sistema tributario español**, Última ed., Aranzadi,

MALVÁREZ PASCUAL, L. A., RAMÍREZ GÓMEZ, S., SÁNCHEZ PINO, A.J., **Lecciones del sistema fiscal español**, Última ed., Tecnos,

MELLADO BENAVENTE, F., ARGENTE ÁLVAREZ, J., **Manual práctico sobre el Impuesto sobre Sociedades**, Última ed., CISS,

PITA GRANDAL, A. Mª.(Coordinadora), **Estudios sobre la financiación de los puertos**, 1ª ed., Marcial Pons, 2017

MULEIRO PARADA, L. M., **La determinación objetiva: IRPF e IVA**, 1ª ed., Marcial Pons, 2009

BARREIRO CARRIL, Mª. C., **Los impuestos directos y el Derecho de la Unión Europea. La armonización realizada por el TJUE**, 1ª ed., IEF, 2012

RAMOS PRIETO, J. (Coord.), **Erosión de la base imponible y traslado de beneficios: estudios sobre el plan BEPS de la OCDE**, 1ª ed., Thomson-Reuters Aranzadi, 2016

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Práctica Fiscal/V08G211V01908

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito financeiro e tributario I/V08G211V01504

### Plan de Continxencias

#### Descrición

DOCENCIA:

No caso de que a docencia non se poida desenvolver de maneira presencial por razóns sanitarias, as clases serán impartidas de xeito remoto a través das aulas virtuais e co apoio da plataforma de Teledocencia Faitic.

As sesións maxistrals e seminarios prácticos serán impartidos polos profesores responsables empregando o complemento de Aula Virtual habilitado no remoto Campus da Universidade de Vigo. O profesorado estará dispoñible para apoiar a resolución de dúbidas e as sesións de titoría realizaranse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia), baixo a modalidade de concertación previa. Para os seminarios, dende a plataforma Faitic proporcionaráselle ao estudantado unha serie de supostos prácticos cunha semana de antelación que terán que ser preparados pola súa conta para a sesión correspondente. A través da aula virtual o profesor levará a cabo unha explicación dos supostos prácticos plantexados e farase unha posta en común entre o profesor e os alumnos para establecer as pautas de solución, o que permitirá verificar a adquisición das habilidades correspondentes e a asimilación de contidos.

A avaliación continua realizarase de acordo co disposto na guía docente e o cronograma, establecendo como medios para avaliar as competencias do alumnado as actividades descritas a continuación. As probas de avaliación continua realizaranse a través da plataforma Faitic segundo o indicado no cronograma. Por outra banda, as entregas dos casos prácticos indicados faranse ao profesor responsable e valoraranse para os efectos da cualificación da avaliación continua, de acordo co disposto na guía docente. Así mesmo, para a avaliación continua valorarase a participación activa e de calidade do alumnado, segundo o establecido na guía docente.

#### EXAME:

Cando as razóns sanitarias impidan a celebración dos exames de forma presencial, o exame final realizarase segundo o establecido na guía docente e constará de: 1) Un exame práctico por escrito para o que se utilizará a plataforma Faitic cun sistema de tempo controlado que garanta que o traballo se realice individualmente e 2) Un exame de teoría oral para o que se empregará o campus remoto. A avaliación continua e os exames realizados ponderaranse na nota final segundo o establecido na guía docente da materia

---